



## **A ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA SOLICITA A PARALIZACIÓN DOS NOVOS RECHEOS E DRAGADOS NO PORTO DE MARÍN**

A Autoridade Portuaria do Porto de Marín e Ría de Pontevedra, desprezando a sentenza do Tribunal Supremo que anula o Plan Especial do Porto de Marín e obriga á retirada dos recheos realizados contemplados no mesmo, segue realizando novos recheos co obxecto de ampliar os espazos portuarios.

En efecto, no Porto de Marín teñen comezado xa as obras coas que pretenden gañar 25.000 metros cadrados ao mar e o dragado de grandes cantidades de sedimentos nunha actuación que provocará un grave dano ambiental ao producir novas modificacións na hidrodinámica e a mobilización de enormes cantidades de sedimento que, nalgúns casos, albergan ademais importantes cantidades de metais pesados. Un dano ambiental estéril e custoso xa que no momento no que se execute a sentenza do Tribunal Supremo os recheos deberán retirarse.

A APDR ven de solicitar ao Xulgado de Garda e Instrución de Pontevedra que evite estes danos ambientais en base ao feito de que os recheos que a Autoridade Portuaria do Porto de Marín e Ría de Pontevedra está a realizar son absolutamente ilegais ao estar contemplados nun plan especial anulado e ao existir unha sentenza do Tribunal Supremo que obriga á eliminación dos recheos xa construídos.

Deixase claro tamén que os recheos que a Autoridade Portuaria está a executar no se poden amparar no denominado “Proyecto básico de adecuación de infraestructuras del sector comercial del Puerto de Marín”, o proxecto no que se planifican os mesmos, nin xustificar que a citada Autoridade Portuaria teña realizado un Estudo de Impacto Ambiental para o propio proxecto. Esta estratexia enganosa da parcialización das actuacións para evadirse de realizar un estudo de impacto ambiental sobre o conxunto das actuacións, foi utilizada xa noutras actuacións anteriores nas que se realizaban obras contidas nos plans especiais apoiándose en proxectos e estudos de avaliación de impacto parciais, e foi desmantelada polo Tribunal Supremo na súa sentenza, que, baseándose neste e outros argumentos, obriga á retirada dos recheos realizados.

As obras que se están a executar tampouco están amparadas por un plan de utilización dos espazos portuarios, instrumento legal no que se planifica a ampliación dos mesmos e, polo tanto, paso previo necesario antes de calquera ampliación, tal e como aclara tamén na súa sentenza o Tribunal supremo.

Por último, queremos deixar claro que os recheos que a Autoridade Portuaria do Porto de Marín e Ría de Pontevedra está a realizar, deberán ser retirados tamén cando se execute a sentenza citada, polo que –de cara a evitar graves danos ambientais e fortes prexuízos económicos– procede deter a súa execución. E, loxicamente, solicitamos tamén que se eviten os dragados proxectados polo potencial destructivo de cara a mobilizar materiais sedimentarios e alterar o medio natural con repercusión graves para o mesmo e para os recursos marisqueiros que, nos bancos do interior da Ría de Pontevedra, explotan os mariñeiros das confrarías de pescadores de Lourizán, Pontevedra e Raxó.

Pontevedra, 22 de agosto de 2011

Pola Xunta Directiva da APDR,

Asdo.: Benito Andrade, vicepresidente.